

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*RESOLUCIÓN do 4 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.*

De conformidade co Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e demais lexislación aplicable na materia.

En novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha proposición non de lei pola que se instaba o Goberno a promover a subscripción dun pacto de Estado en materia de violencia de xénero polo Goberno da Nación, as comunidades autónomas e cidades con Estatuto de autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. Así, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, creouse unha subcomisión que tivo como obxectivo elaborar un informe en que se identificasen e analizasen os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero, e en que se incluíse un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da subcomisión para un pacto de Estado en materia de violencia de xénero, informe no cal, entre outros aspectos, insta á posta en marcha dun plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero.



Pola súa banda, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dunha comisión relatora que estudase e avaliase, en materia de violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analízase a estratexia para alcanzar e implementar un pacto de Estado contra a violencia de xénero e examínase a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe da Comisión Relatora de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

O 27 de decembro de 2017 todas as comunidades autónomas ratificaron de común acordo o documento final do pacto de Estado contra a violencia de xénero, que no seu eixe 4 recolle de maneira específica medidas para «a intensificación da asistencia e protección de menores». A protección específica dos e das menores parte do seu recoñecemento como vítimas directas e leva unida a necesidade de ampliar e mellorar as medidas dirixidas á súa asistencia e protección coa implantación de novas prestacións nos casos de orfandade como consecuencia da violencia de xénero; de revisar as medidas civís relativas á custodia dos menores; de fomentar as actuacións de reforzo no ámbito educativo e de impulsar a especialización dos puntos de encontro familiar para os casos relacionados coa violencia de xénero.

Son as comunidades autónomas quen asume as competencias da asistencia social ás mulleres vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas e están, por tanto, chamadas a xogar un papel clave na prevención, atención e reparación do dano.

Así, o 2 de xaneiro de 2019, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza asinou un acordo de colaboración co Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia, cos colexios oficiais de graduados sociais de Galicia, con Agaxen (Asociación Galega de Profesionais da Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións) e co Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG), para o acompañamento e asesoramento na xestión dos trámites administrativos, así como no apoio socioeducativo que precisen as fillas e fillos orfos das vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia.

A presente resolución supón un paso máis no apoio e protección dos e das menores orfos, e tamén as mulleres vítimas que por causa de agresións de violencia de xénero sufran lesións graves que requiran hospitalización, articulando axudas económicas de indemnización cando carezan de recursos, e enmárcase no ámbito de acción das medidas 72, 75, e 210 do documento refundido de medidas do pacto de Estado en materia de violencia de xénero.



Por todo o exposto, e no uso das facultades que teño atribuídas

DISPOÑO:

*Artigo 1. Obxecto, finalidade e ámbito de aplicación*

1. O obxecto desta resolución é establecer as bases que rexerán a concesión de axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a concesión de axudas de indemnización económica dirixidas a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero.

Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as ditas axudas para o ano 2019.

2. A finalidade das axudas é dar cumprimento a varias das medidas do pacto de Estado en materia de violencia de xénero, e proporcionar apoio económico ás persoas citadas no punto anterior, cunha indemnización de axuda directa, co obxecto de garantir que o feito causante (morte da nai ou lesións graves, por mor de violencia de xénero) supoña un menor prexuízo económico para os fillos e fillas orfos, e para as propias vítimas gravemente feridas.

3. As indemnizacións contidas nesta resolución serán de aplicación a todas as persoas beneficiarias sinaladas no número 1 anterior que, no momento dos feitos, residan na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. As axudas de indemnización recollidas na presente resolución recoñeceranse cando o feito causante se producise con posterioridade ao 1 de xullo de 2018.

5. O código do procedemento correspondente a estas axudas é o SI460A.

*Artigo 2. Tipos de axudas*

As axudas a que se refire esta resolución fan referencia ás seguintes modalidades:

1. Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero e que dependan economicamente da súa nai e/ou do seu pai agresor.

2. Axudas de indemnización dirixidas ás mulleres que resultasen gravemente feridas, con lesións que requirisen hospitalización, como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero.



**Artigo 3. *Requisitos das persoas beneficiarias***

1. Poderán ser persoas beneficiarias da indemnización prevista no número 1 do artigo 2 desta resolución, en réxime de igualdade, cada un dos fillos e fillas da vítima mortal da violencia de xénero, calquera que sexa a natureza da súa filiación, sempre que na data do falecemento da súa nai cumprisen algún dos seguintes requisitos:

- Ser menores de idade e convivir coa nai, independentemente da renda familiar.
- Ser maiores de idade ata 30 anos inclusive, e depender economicamente da nai e/ou do pai agresor. Entenderase que existe dependencia económica cando na data do falecemento as persoas beneficiarias convivisen coa nai e non percibisen rendas, de calquera natureza, que en cómputo anual, superasen 12 mensualidades do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

2. Poderán ser persoas beneficiarias da indemnización prevista no número 2 do artigo 2 desta resolución as mulleres feridas gravemente, con lesións que requiran hospitalización, como consecuencia dunha agresión de violencia de xénero, sempre que na data en que producen os feitos se cumprisen os seguintes requisitos:

- a) Ser muller, maior de idade ou emancipada.
- b) Estar empadroadada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso das mulleres estranxeiras, tamén será necesario ter permiso de residencia e de traballo.

c) Atoparse nunha situación de precariedade económica. Entenderase que se produce unha situación de precariedade económica cando os ingresos da unidade familiar de convivencia a que pertenza a beneficiaria divididos polo número de membros que a compoñen non superen o importe do IPREM vixente.

d) Resultar gravemente ferida, con lesións que requiran hospitalización por causa de violencia de xénero.

**Artigo 4. *Prazo de solicitude***

1. O prazo para a presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 30 de novembro de 2019.



2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

#### Artigo 5. *Orzamento*

Para a concesión destas indemnizacións destínase crédito polo importe de 70.000 euros na aplicación orzamentaria 05.11.313D.480.2, código de proxecto 2018 00112.

O financiamento enmárcase nos fondos do pacto de Estado contra a violencia de xénero (Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade), correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia para 2019.

Este crédito poderá ser ampliado cando o aumento veña derivado dalgún dos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento de crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade deste como consecuencia das circunstancias sinaladas no antedito artigo.

#### Artigo 6. *Contía das axudas*

O importe das indemnizacións reguladas nesta resolución fíxase na cantidade de sete mil euros (7.000 €) por cada persoa beneficiaria.

#### Artigo 7. *Aboamento das indemnizacións en casos de menores*

Cando as persoas beneficiarias da indemnización prevista no número 1 do artigo 2 desta resolución fosen menores de idade, a dita indemnización aboarase ás persoas que asuman a súa patria potestade, garda, custodia ou acollemento permanente.



**Artigo 8. Solicitudes e documentación**

1. Para a indemnización prevista no número 1 do artigo 2 desta resolución, achegarse a seguinte documentación:

– Modelo de solicitude anexo I, asinado pola persoa solicitante ou a persoa representante legal, de ser o caso, xunto coa documentación que se detalla a seguir:

a) Copia do libro de familia, certificación expedida polo Rexistro Civil ou calquera outro documento que acredite fidedignamente a relación de filiación.

b) No caso de menores de idade, resolución xudicial de custodia, informe dos servizos sociais, certificado de empadramento colectivo onde consten todos os membros da unidade familiar ou calquera outra documentación que acredite a asunción da patria potestade, garda, custodia ou acollemento permanente por parte da persoa a quen se lle aboará a indemnización.

2. Para a indemnización prevista no número 2 do artigo 2 desta resolución, achegarse a seguinte documentación:

– Modelo de solicitude anexo I, asinado pola persoa solicitante ou a persoa representante legal, de ser o caso, xunto coa documentación que se detalla a seguir:

a) Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero por calquera dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

b) Documentación que xustifique os ingresos declarados no punto 1 do anexo I, da solicitante e dos membros da unidade familiar de convivencia, de ser o caso (nómina, recibo).

c) Documentación acreditativa da composición da unidade familiar de convivencia, de ser o caso.

d) Certificado dos servizos sanitarios que acrediten a hospitalización.

e) Modelo de anexo II debidamente cuberto.

3. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excep-



cionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

7. As solicitantes deberán comunicar á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación que se produza nos datos indicados na súa solicitude ou en calquera dos documentos que a acompañan. Esta variación comunicárase no momento en que se produza, co fin de axilizar a instrución do procedemento. No caso das prestacións do Servizo Público de Emprego non será preciso achegar a dita documentación, agás que se denegue expresamente á Secretaría Xeral da Igualdade a dita consulta.

#### Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante.



- b) Certificado de residencia legal da persoa solicitante estranxeira.
- c) Certificado de residencia da persoa solicitante.
- d) Certificado de defunción da nai.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- a. Resolución de acollemento familiar da Xunta de Galicia.
- b. Prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal (Área de Galicia) da solicitante e/ou dos/das familiares a cargo.
- c. Renda de integración social de Galicia (Risga) da solicitante e/ou dos/das familiares a cargo.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no modelo de solicitude e achegar os documentos correspondentes.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 10. *Instrución*

1. A instrución do procedemento corresponde á Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero da Secretaría Xeral da Igualdade. Este proceso efectuarase de forma continuada segundo a orde de recepción de solicitudes.

2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a resolución.

3. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos, o órgano instrutor requirirá as persoas interesadas para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emenden a falta ou acheguen os documentos precep-





tivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixeren, se terán por desistidas da súa petición, logo da correspondente resolución.

A documentación requirida para a emenda da solicitude deberá ser presentada na forma que se determina no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, e sempre que sexa preciso, a Secretaría Xeral da Igualdade requirirá ás solicitantes que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

5. O órgano instrutor, de acordo co establecido no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para as axudas concedidas polo procedemento previsto no artigo 19.2 desta lei, unha vez comprobada a concorrencia dos requisitos exixidos formulará a proposta de concesión directamente ao órgano concedente.

6. As solicitudes que non cumpran as exixencias contidas nesta resolución ou na normativa de aplicación, que non conteñan a documentación necesaria ou, de ser o caso, non a presenten nos modelos normalizados, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta. En todo caso, non se admitirán a trámite e procederase ao seu arquivamento sen posibilidade de emenda as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na correspondente convocatoria.

#### Artigo 11. *Resolución e notificación*

1. A resolución dos expedientes de solicitude destas axudas corresponde á secretaria xeral da Igualdade.

2. O procedemento de concesión segue o réxime de concorrencia non competitiva, polo que se recoñecerán axudas ata o esgotamento do crédito orzamentario.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de catro meses, que se computarán desde a data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, esta entenderase desestimada, de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



4. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

5. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

6. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos, deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

7. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou sexa expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

8. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 12. *Réxime de recursos*

As resolucións expresas ou presuntas ditadas ao abeiro da presente resolución poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a Secretaría Xeral da Igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no



prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

#### Artigo 13. *Pagamento das axudas*

1. O pagamento da axudas axustarase ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A contía da axuda concedida aboaráselle, nun pagamento único, ás persoas beneficiarias da axuda, agás no caso previsto no artigo 7 desta resolución.

2. O pagamento das axudas reguladas nesta resolución farase unicamente na conta que as persoas solicitantes fagan constar na solicitude, que debe permanecer activa para estes efectos mentres non se teña constancia da finalización do expediente; a Administración non se fai responsable da imposibilidade de efectuar o ingreso por causas directamente imputables ás solicitantes.

#### Artigo 14. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. As persoas beneficiarias e as persoas que asuman a patria potestade, garda, custodia ou acollemento permanente no caso de orfos/as menores de idade que percibisen as axudas reguladas nesta resolución quedan sometidas ao cumprimento das obrigas exixidas de conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Así mesmo, teñen a obriga de comunicar calquera variación ou modificación que se produza durante a tramitación do procedemento respecto das circunstancias que fundamentan o dereito a percibir estas axudas, de someterse ás actuacións de comprobación que acorde a Secretaría Xeral da Igualdade e de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

#### Artigo 15. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión ou, de ser o caso, á revogación sen prexuízo do disposto no segundo parágrafo do artigo 16.



**Artigo 16. Reintegración**

1. Procederá a devolución íntegra das cantidades percibidas cando se obtivese a axuda sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión ou se falseasen ou ocultasen feitos ou datos que motivasen a súa concesión. Para a tramitación do expediente declarativo de reintegro haberá que aterse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da axuda concedida, mediante o seu ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia que lle será facilitada polo órgano xestor, en concepto de devolución voluntaria da subvención. Neste caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da axuda concedida.

**Artigo 17. Incompatibilidades**

1. Coa excepción establecida no parágrafo seguinte deste artigo, as axudas de indemnización reguladas nesta resolución son incompatibles coa percepción doutra indemnización establecida tanto polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, como por calquera entidade privada destinadas ao mesmo fin.

2. As axudas de indemnización establecidas nesta resolución son compatibles coas axudas previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, así como con calquera outra axuda económica de carácter autonómico ou local concedida pola situación de violencia de xénero.

**Artigo 18. Información básica sobre protección de datos persoais**

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia–Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza–Secretaría Xeral da Igualdade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público, no exercicio de poderes públicos e no cumprimento de obrigas no ámbito da protección



social do responsable do tratamento, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e demais normativa de aplicación, e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá, de ser o caso, no devandito formulario.

3. A Secretaría Xeral da Igualdade comunicará aos organismos competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou resulte accesible a través dos seus sistemas que sexa estritamente necesaria, de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. En particular, poderá levar a cabo as seguintes comunicacións de datos:

– A outras administracións públicas estatais, autonómicas e locais no exercicio das súas competencias, coa finalidade de permitir a comprobación da súa condición de beneficiaria desta axuda, así como para a xustificación da súa concesión ante os seus organismos financeiros.

– Ao centro de referencia sinalado pola solicitante (CIM, servizos sociais, centro de acollida, etc.), para a xestión da concesión da axuda, incluíndo a verificación do cumprimento dos requisitos exixidos para a percepción da axuda, o cumprimento das obrigas, e como medio de contacto coa persoa beneficiaria.

4. A Secretaría Xeral da Igualdade accederá á información pertinente do eido de Xustiza, do Servizo Público de Emprego, dos organismos competentes en materia tributaria e da Seguridade Social, e aqueloutra que resulte necesaria coa finalidade de verificar o cumprimento e mantemento dos requisitos e obrigas para ser beneficiaria desta axuda.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común para a presentación de documentos que as persoas interesadas dirixan ás administracións públicas, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

6. A concesión destas axudas non será obxecto de publicidade, en aplicación do disposto no artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 17.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.



7. Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

**Artigo 19. Información ás persoas interesadas**

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código SI460A, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral da Igualdade, nas unidades administrativas de igualdade das xefaturas territoriais da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos> ou da Secretaría Xeral da Igualdade, <https://igualdade.xunta.gal>, no teléfono 981 54 53 61 ou no enderezo electrónico [vx.igualdade@xunta.gal](mailto:vx.igualdade@xunta.gal).

**Artigo 20. Infraccións e sancións**

As persoas beneficiarias estarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infraccións nesta materia establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación.

**Artigo 21. Remisión normativa**

En todo o non previsto nesta resolución aplicarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento e demais normativa de aplicación.

**Disposición derradeira primeira**

A secretaria xeral da Igualdade ditará as instrucións necesarias para o adecuado desenvolvemento e cumprimento desta resolución.

**Disposición derradeira segunda**

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2019

Susana López Abella  
Secretaria xeral da Igualdade




**XUNTA DE GALICIA**  
 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

**ANEXO I**

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
<b>INDEMNIZACIÓNS PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO</b>	<b>SI460A</b>	<b>SOLICITUDE</b>

EXPEDIENTE
SI460A 2019/ <input type="text"/>

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
DATA DE NACEMENTO	NACIONALIDADE						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) (no caso de que as persoas beneficiarias da indemnización prevista no número 1 do artigo 2 desta resolución sexan menores de idade, as persoas que asuman a súa patria potestade, garda, custodia ou acollemento permanente)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

 Notifíquese a:  Persoa solicitante  Persoa ou entidade representante

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

**ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE**

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

 **Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

 **Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).


As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

**DATOS BANCARIOS**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>


**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: ico7tde0-se18-rad6-qln1-c5e0gq7oije1




**XUNTA DE GALICIA**

 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

**ANEXO I**  
(continuación)

**AXUDA/S SOLICITADA/S**

- Axuda prevista no número 1 do artigo 2 desta resolución
- Axuda prevista no número 2 do artigo 2 desta resolución

**CENTRO DE REFERENCIA PARA A XESTIÓN DA SÚA SOLICITUDE (CIM, Servizos Sociais, centro de acollida, etc.)**

NOME DO CENTRO

TELÉFONO


**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

1. Ingresos da persoa solicitante ou do conxunto da unidade familiar de convivencia, segundo o caso (excepto persoas beneficiarias menores de idade):

Procedencia das rendas	Perceptora/es *	Concepto	Contía mensual
1) Rendementos mensuais, integros, do traballo da solicitante ou do conxunto da unidade familiar, segundo o caso			
2) Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario da solicitante ou do conxunto da unidade familiar, segundo o caso (incluíndo os incrementos do patrimonio; exceptúase a vivenda habitual)			
3) Rendementos das actividades económicas da solicitante ou do conxunto da unidade familiar, segundo o caso			
4) Ingresos de natureza prestacional da solicitante ou do conxunto da unidade familiar, segundo o caso (agás as asignacións económicas da Seguridade Social por filla/o ou menor acollida/o a cargo)			

\* Se non houber, indíquese "NINGÚN".

2. En relación con outras axudas concedidas e/ou solicitadas:

Que o conxunto de todas as axudas concedidas e/ou solicitadas para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, son as que se relacionan a seguir:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade.
- Si solicitou e/ou se lle concederon as seguintes axudas para a mesma finalidade:

CONCEPTO DA AXUDA	ORGANISMO	DATA SOLICITUDE	DATA CONCESIÓN	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma finalidade doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración ata a resolución da solicitude.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos, incluídos os relativos á conta bancaria en que se realizará o pagamento da axuda, se é o caso, así como que a solicitante é titular única ou compartida, con persoa distinta do agresor, da devandita conta.
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia.
7. Que se compromete a comunicar á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación que se produza nos datos indicados na súa solicitude ou en calquera dos documentos que a acompañan, antes da resolución da solicitude.
8. Que está de acordo coas actuacións de seguimento e control destas axudas que leve a cabo o órgano concedente.
9. Que asume as obrigas que lle veñen impostas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as demais previstas nas bases reguladoras desta axuda.






**XUNTA DE GALICIA**

 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

**ANEXO I**  
(continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA** (continuación)

10. Que está ao día nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
11. Que a solicitante dá expresamente o seu consentimento para que a Secretaría Xeral da Igualdade complete o expediente administrativo e para a realización das comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos ou documentos achegados, así como a súa cesión a outras administracións públicas coa única finalidade de control da xestión da axuda.
12. Que a solicitante dá expresamente o seu consentimento para a comunicación que se determine por parte da Secretaría Xeral da Igualdade en relación con centro de referencia indicado pola solicitante, para a xestión da súa solicitude, así como o seguimento e control da axuda, se é o caso.
13. Declara baixo a súa responsabilidade (sinale cun X o que proceda):
  - Que convivía coa nai na data do seu falecemento (para a axuda prevista no número 1 do artigo 2 desta resolución).

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**
**DOCUMENTACIÓN PARA A INDEMNIZACIÓN DO NÚMERO 1 DO ARTIGO 2 DESTA RESOLUCIÓN**

- Copia do libro de familia, certificación expedida polo Rexistro Civil ou calquera outro documento que acredite fidedignamente a relación de filiación coa vítima
- No caso de fillas ou fillos menores de idade, resolución xudicial de custodia, informe dos servizos sociais, certificado de empadramento colectivo onde consten todos os membros da unidade familiar ou calquera outra documentación que acredite a asunción da patria potestade, garda, custodia ou acollemento permanente por parte da persoa á cal se lle aboará a indemnización
- Outros (especifíquese):

**DOCUMENTACIÓN PARA A INDEMNIZACIÓN DO NÚMERO 2 DO ARTIGO 2 DESTA RESOLUCIÓN**

- Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, por calquera dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (artigo 8.2.a)
- Documentación xustificativa dos ingresos declarados no punto 1 deste anexo I da solicitante e dos membros da unidade familiar de convivencia, de ser o caso (nómina, recibo)
- Documentación acreditativa da composición da unidade familiar de convivencia, de ser o caso
- Certificados dos servizos sanitarios que acrediten a hospitalización
- Anexo II de comprobación de datos de terceiras persoas interesadas
- Outros (especifíquese):

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se oponan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
Certificado de residencia legal da persoa solicitante estranxeira	<input type="checkbox"/>
Certificado de residencia da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
Certificado de defunción da nai	<input type="checkbox"/>
<b>MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN</b>	
<input type="checkbox"/> Resolución administrativa de acollemento familiar emitida pola Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal da solicitante	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Renda de integración social de Galicia (Risga) da solicitante	<input type="checkbox"/>





**XUNTA DE GALICIA**  
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

**ANEXO I**  
(continuación)

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>

**Actualización normativa:** no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**


Resolución do 4 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

Secretaría Xeral da Igualdade

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS

SI460A - INDEMNIZACIÓNS PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de menores de idade, este documento deberá ser asinado por unha das persoas proxenitoras, titor/a ou representante legal. No caso de que as terceiras persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS	NIF	MENOR DE IDADE	TITOR/A OU REPRESENTANTE LEGAL		COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes datos das persoas interesadas serán obxecto de consulta ás administracións públicas		SINATURA
			NOME E APELIDOS	NIF		OPÓNAME Á CONSULTA	
		<input type="checkbox"/>			<b>CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN</b> <input type="checkbox"/> Prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal das/dos familiares a cargo <input type="checkbox"/> Renda de integración social de Galicia (Risga) das/dos familiares a cargo	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			<b>CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN</b> <input type="checkbox"/> Prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal das/dos familiares a cargo <input type="checkbox"/> Renda de integración social de Galicia (Risga) das/dos familiares a cargo	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			<b>CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN</b> <input type="checkbox"/> Prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal das/dos familiares a cargo <input type="checkbox"/> Renda de integración social de Galicia (Risga) das/dos familiares a cargo	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	

De non ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior, deberanse cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>
<b>Actualización normativa:</b>	no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

Lugar e data  ,  de  de

